

segundo
ADRAL

Xosé Filgueira Valverde



Edicións do Castro / ensaio

13. HOMES E NOMES.

Sorprendéuse a lectora dun traballo meu cando soupo que Maricastaña (personificadora, como aquela Marta «que fiou», dos tempos máis recuados), fora unha muller de carne e hoso, cabezaleira da revolta do pobo escontra do señorío do Bispo de Lugo, no século XIV. E certo que hai moitos «persoaxes nominaes» que non teñen tras da verba unha realidade histórica; outros téñenna, ben sexa sobranceira, ben homildosa. E, por veces, é doado escodriñar as orixes. Pero Grullo di Godoy Alcántara que era veciño de Aguiar de Campoo, antre o 1213 e o 1227. O «Deán de Santiago», por antonomasia é o do contiño do «Libro de Patronio». Cando decimos «Averigüelo Vargas» falamos de uns conselleiros famosos do XV. Brixán pode ser, nada menos, que o gramático Nebrixa, o «nebrixán». Ser unha «anabolena», que anda no «latín galaico» de Valle-Inclán, vai pola segunda muller de Enrique VIII. O do «Campo de Agramante» búscase no Señor de Agramont e tamén no «Orlando furioso». Don Guindo, o das peras, foi un italiano do XVI, moi sabido na agricultura. E quen sabe se dou nome ás «urracas» a raíña tiruleca ou a dona dun pazo. Mari Morena, é o alcume dunha taberneira «de corte», encausada por se negar a servir o viño que gardaba na súa adega, do que viría o reboilicio que se canta nos vilancetes. No «Donado hablador» ven o expoemento do noso «Chufón do Pedroso». Mamburú, o que «se foi á guerra», foi o Duque de Malborough, un Churchill él, que desbotou de Francia aos alemáns no 1650. Xan do Outeiro erguéu unha cruz en Portosanto no XVIII, cando tamén vivía perto do pazo da familia do P. Sarmiento, Marcos da Portela.



O Mamburú da vella cerámica de Sargadelos

O Veremundo da frase «Aún hay Patria...!» está no «Pelayo» de Quintana. A casa de «Tócame Roque» foi unha fonda de mala sona, da calle do Barquillo, e sai nun sainete de don Ramón de la Cruz. De «María Mantela cos fillos redor dela» xa falamos en outro «Adral» e ao «Abade de Redondela» adicáremoslle outro vindeiro.

Non sei se pode ou non documentarse o «Chacón» iriense que protagoniza outra frase proverbial. Ven moi explicada na carta dun xesuita do 1635: «esto se parece a lo del Chacón del Padrón, que, en su testamento, dijo: doce reales debo al pastelero, otros diez al tabernero; váyase lo uno por lo otro».

De outra xentiña nunca saberemos a orixe: a «María» que «colle a roca» os sábados á noite; da que «ben está e non se mudará»; do «Manuel» a quen pedimos que achique o número dos lobos cando escoitamos un esaxero; da «Marta que morre farta»; de «Benito» o que ten falsos amigos, pouca sorte, ollo seco, perde unha vaca e gaña un cabirto; do «Bras» que amansou casando, e da súa porra que, por certo, «bota cornos por uvas»... Nin tampouco chegaremos nunca a saber porqué «facerse o Lourenzo» é non dar creto ao que nos están decindo. Nin porqué «Paio» reza cando ten medo e morréu «da couce dun galo».

Alguns nomes axéitanse mellor que outros á indeterminación nominativa. Que «Xan» en moitas falas sexa símbolo do home común é lóxico, porque, como di César Ribeiro, n asúa colleita de frases brasileiras, «por moito vulgar e plebeu foi sempre tomado pra indicar o de individuos simplorios ou atoleimados, o bobo das farsas, nos antigos escritores e poetas». E o John Bull, o Joam Affonso, o Jan das Beitas, o Joan Branco, o «das Canicas», o «Gallego»; o que en Rosalía anda «en cirolas e cos zocos na

man»; o que se contenta co que lle dan; o «das Viñas», tan esmelendrado; o Colandrás, co seu alcume rexoubeiro; e xa, como o Meco, en outra liña, a das lendas, o prepotente fundador de Redondela.

A verdá sexa dita, tamén «Pedro» entra como pola súa casa na riola dos ditos do pobo, onde colle diminutivos agarimosos como o de «Perico dos Palotes». «Bartolo» ten connotacións de folgazán, lacoeiro e «cabeza de bolo». Houbo un meu paisano que axuntaba as chatas dos país. Fala dél Quevedo na «Defensa do Patronato de Santiago: «y así venía a ser como Bartolillo de Pontevedra, que siendo su padre cojo y su madre tuerta nació con entrambos defectos».

Tamén o «Antón» proverbial virá do espallamento do nome de pía. Son moi vellos o Antón Bardón, o Antón Gómez, o tío Antón e o que ven do Perú, ca súa prata, Antón Perulero, que xa o comentou Covarrubias.

Non faltan desinacións burlescas con santos maxinados, como San Acó ou San Aló, ou Sanseacabó e outros máis nos que, como decía Quevedo, canónizase a picardía sen temor de Deus. E interxeccións de orixe relixioso: xurar «polo Berbuxido» deriva nada menos que do «Verbo unxido» e «¡Anxela María!», do «Anxel a María», quer decir da Anunciación.

Eiquí debéramos facer un libro imitante do de Montoto Rautenstrach, tan caro e raro. Habería de levar por tíduo: «Persoas, persoaxes e xentiña que anda nos falares de Galicia».

«Faro de Vigo». 25-XI-1979